

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL DAS PARROQUIAS DE CAMPAÑÓ E PONTE SAMPAIO**

En Pontevedra, a 23 de febreiro do 2018

**REUNIDOS**

Dunha banda, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan Don José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

**EXPOÑEN**

I.- Que no exercicio das súas respectivas competencias, con data 18 de novembro do 2015, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, especialmente, para cooperar na planificación e execución de proxectos sobre infraestruturas deportivas coa finalidade de realizar diversas accións que melloren os servizos á cidadanía no eido da promoción do deporte e da práctica deportiva.

II.- Que no devandito protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas, entre as que figuran a preparación dos campos de fútbol nas parroquias de Campañó e Ponte Sampaio, se desenvolverán mediante convenios específicos nos que se concretarán as obrigas que asumiran cada unha das partes asinantes e os compromisos de financiamento e que se deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

III.- Que os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. No mesmo senso, o artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos concellos, entre outras, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal. Pola súa parte, o artigo 7 da citada Lei 3/2012, de 2 de abril, atribúelle ás deputacións no seu ámbito territorial competencias de asistencia aos municipios e colaboración no deseño e a construción de instalacións deportivas e tamén respecto da construción de instalacións deportivas de titularidade municipal, entre outras.

IV.- Que segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Entidades Públicas están obrigadas a cooperar ao servizo do interese xeral, polo que a cooperación e colaboración entre as Administracións constitúen uns principios clave das relacións interadministrativas.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, do réxime xurídico das Entidades Locais e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia. O presente convenio, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

VI.- Que a lexislación vixente en materia de réxime local encomenda ás Deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos

de competencia municipal, a tal efecto e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que instrumenta este convenio dirixido ao cumprimento das obrigas impostas pola normativa vixente.

VII.- Que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención, en virtude do disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), séndolle de aplicación o réxime xurídico das subvencións. Neste senso, á vista do artigo 22.2 acredítanse na memoria do expediente razóns de interese público, social e económico suficientes que xustifican a súa concesión, tanto de natureza competencial como pola necesidade de apoiar e complementar a capacidade económica do concello e polo interese veciñal das actuacións. Asemade, no artigo 28.1 da LXS establécese que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos a actuación coordinada de apoio en materia de saneamento, equipamentos e infraestruturas de titularidade municipal, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os aquí comparecentes, con arranxo as seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o de establecer as bases para a colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a execución de obras nos campos de fútbol das parroquias de Campañó e Ponte Sampaio, regulando as obrigas e compromisos de cada unha das partes asinantes na realización das seguintes actuacións:

- Execución de campo de fútbol en Campañó, cun orzamento base de licitación, engadido o IVE, de 999.437,36 €.
- Execución de campo de fútbol en Ponte Sampaio, cun orzamento base de licitación, engadido o IVE, de 1.397.120,20 €.

## SEGUNDA.- INVESTIMENTO PROGRAMADO E FINANCIAMENTO DO CONVENIO

Os investimentos obxecto do presente convenio ascenden á cantidade total de 2.396.557,56 €, que se corresponde co orzamento base da licitación, IVE incluído, dos proxectos de obras obxecto da colaboración pactada.

Os investimentos previstos comprenden todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos que serán realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización das obras comprendidas neste convenio distribuirase da seguinte forma:

ANUALIDADE 2018		
	PORCENTAXE	IMPORTE
Deputación de Pontevedra	100%	2.396.557,56 €
TOTAL		2.396.557,56 €

A achega da Institución Provincial efectuarase con cargo á aplicación 2018/942.9420.762.14 do orzamento da Deputación.

A achega comprometida pola Deputación de Pontevedra consiste nunha contía máxima que ascende o importe que se reflicte na táboa, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución das obras que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que os investimentos realizados teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

## TERCEIRA.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución dos contratos a que o presente convenio se refire e o financiamento dos mesmos terá lugar no ano 2018. Non obstante, o eventual axuste da anualidade da execución dos ditos contratos, provocará o axuste da anualidade do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Pontevedra, previa proposta da Comisión de Seguimento

do convenio dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o axuste da anualidade de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2º.- Aprobados que sexan os proxectos das obras: “*Execución de campo de fútbol en Campañó*” e “*Execución de campo de fútbol en Ponte Sampaio*”, remitiranse á Deputación Provincial para a súa supervisión e control polo servizo técnico correspondente e se procede, para a súa autorización polo órgano competente da Deputación.

3º.- Formalizados os contratos de obras para a execución dos proxectos a que se refire o anterior parágrafo, remitirase copias dos mesmos á Deputación Provincial e comunicarse a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. O Concello remitirá á Deputación Provincial una copia da acta que se levante, xunto coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4º.- Ao remate das obras, o Concello de Pontevedra comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción.

5º.- En todo caso, a achega ao Concello de Pontevedra farase efectiva mediante transferencia bancaria, unha vez presentada pola súa parte a seguinte documentación:

- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados.
- Certificacións de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitira unha proba gráfica da difusión dada ó investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificación ou acto de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das

distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismo, entes ou sociedades.

- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

6º.- O concello poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución da obra, que se aboarán pola contía equivalente á xustificación presentada.

7º.- A Deputación de Pontevedra poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e o cumprimento do obxecto do convenio de colaboración. En todo caso as certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

O Concello de Pontevedra queda obrigado a prestar a colaboración e facilitar canta documentación que lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas; así mesmo, sométense ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as demais derivadas da normativa de axudas e subvencións.

#### **CUARTA.- COMPROMISOS DO CONCELLO**

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- Redactar e aprobar os correspondentes proxectos de obra, asumindo o seu custe, e debendo remitir un exemplar aprobado á Deputación Provincial.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Licitat, dirixir, executar, controlar e recibir as obras segundo os correspondentes proxectos técnicos.
- Remitir, unha vez formalizados os contratos de obra, unha copia destes á Deputación Provincial, e comunicar a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente un representante da Deputación.

- Xustificar perante a Deputación os investimentos realizados mediante a expedición das correspondentes certificacións de obra aprobadas polo órgano competente do Concello; aboándose para cada certificación que se presente a parte proporcional en relación ao custe total do investimento.
- Comunicar á Deputación a data e hora en que terá lugar o acto de recepción das obras, ao que asistirá, de consideralo procedente, un representante da institución provincial.
- Dar a axeitada publicidade a este convenio, de tal forma que quede constancia que as obras obxecto do presente convenio se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o concello de Pontevedra comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

#### **QUINTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

A Deputación de Pontevedra obrígase a:

- Financiar a realización das obras, achegando a cantidade correspondente, de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a

presentación das correspondentes certificacións de obra e na parte proporcional do financiamento.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 euros.

#### **SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

As achegas económicas previstas no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

#### **SÉTIMA.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións ás que se refire o presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra.

No cartel de obra figurará a imaxe corporativa da Deputación Provincial e o financiamento da administración provincial ás obras obxecto do presente convenio.

Por outra banda, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberáselle de dar publicidade á subvención outorgada neste convenio, nos termos e condicións establecidos na dita lei. Por outra banda, consonte co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, remitirase á Base de Datos

Nacional de Subvencións a información correspondente á achega económica outorgada, nos termos establecidos na citada norma.

#### **OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do axuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propor ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros, e en todo caso unha vez ao mes. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial ou no Concello de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

### **NOVENA.- VIXENCIA**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o remate das obras, que en todo caso, non excederá do 31/12/2019.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

### **DÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.  
Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.
- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMA PRIMEIRA.- NATUREZA DO CONVENIO.**

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes

normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, na data e lugar sinalados na cabeceira.

Pola Deputación Provincial

Asdo.- M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.- Carlos Cuadrado Romay

Polo Concello de Pontevedra

Asdo.- Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario do Concello de Pontevedra

Asdo.- José Carlos Castiñeira Piñeiro